

Traballo Eurovisión

INSTRUCCIÓN

1. Xustificación:

A Unión Europea (en adiante UE) é unha asociación de Estados independentes formados por 27 membros. Foi establecida no 1992, mediante o Tratado da Unión Europea (TUE), e constitúe a sucesora da Comunidade Económica Europea (CEE) creada no ano 1957.

A UE conta con institucións propias e un ordenamento xurídico común para os estados que a integran. Resultan fundamentais os elementos de unificación económica: mercados, moeda (euro), políticas agrarias, industriais e as políticas sociais na perspectiva dunha maior integración social e política. Na actualidade, a raíz da crise financeira de 2008 e as súas consecuencias (paro, pobreza, confrontación de intereses entre o norte e o sur...) comezou a xurdir unha tendencia cara unha menor integración comunitaria en forma de nacionalismo e euroescepticismo das cales a saída de Gran Bretaña (Brexit) é o exemplo máis significativo.

2. Grabación:

5 grupos de entre cinco e seis compañeiros/as. Primeiro debedes elaborar un documento (Powerpoint, canva) na liña do modelo adxunto no aula virtual. Unha vez entregado procederase a produción da peza sonora na sala de Polos Creativos. A duración do clip debe oscilar entre os 7 e 10 minutos. Posteriormente se elixirá cal é a mellor das cancións do concurso.

3. Escolma:

Debedes elixir un estado asociada a cada unha destas etapas:

1. Países fundadores: Bélxica, Alemania Occidental, Francia, Italia, Luxemburgo e Países Baixos.
2. Ampliacións de 1973: Irlanda, Reino Unido e Dinamarca.
3. Ampliacións de 1981 ou 1995: Grecia, Austria e Finlandia.
4. Ampliación de 2004: Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Malta e Chipre.
5. Últimas ampliacións: Bulgaria, Rumania e Croacia.

Proposta de Índice:

- I. Selección do País
 - a. Xustificación e presentación do país escollido.
 - b. Aspectos xeográficos: localización e límites, clima e medio (montañas, ríos,etc.).
 - c. Sectores económicos e o seu impacto na economía nacional e global: primario, secundario e servizos.
 - d. Relación coa Unión Europea: Historia do país na UE, participacións en políticas comuns, retos e oportunidades na UE.
- II. Canción para “Eurovisión”: razóns da elección e relación da peza sonora cos conflitos actuais.
- III. Conclusión.
- IV. Bibliografía e webgrafía.